

RESOLUCIÓN DO 28 DE XULLO DO 2026, DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S.A. POLA QUE SE DECLARA INHÁBIL O MES DE AGOSTO PARA OS EFECTOS DO CÓMPUTO DE PRAZOS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA PERSOAL LABORAL FIXO

O desenvolvemento dos procesos selectivos esixen o cumprimento de determinados prazos, en concordancia co establecido nas súas respectivas bases das convocatorias e demais normativa de aplicación.

Polo anterior, en atención ao período vacacional ordinario e co fin de garantir os principios de igualdade de oportunidades, transparencia e a adecuada participación de todas as persoas aspirantes nos procesos selectivos actualmente en vigor para o ingreso como persoal laboral fixo na Corporación, evitando que a redución xeneralizada das actividades con motivo das vacacións estivais poida ocasionar prexuízos ou limitar o exercicio dos seus dereitos e intereses

RESOLVO

Declarar inhábil o mes de agosto para os efectos do cómputo de prazos dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral fixo na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral da CSAG no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación na páxina web corporativa, consonte á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou impugnala ante a xurisdición social conforme ao establecido na Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2026

Directora Xeral da CSAG

MARIA DE
LA CONCEPCION
POMBO (R: A15073349)

Firmado digitalmente por MARIA DE LA
CONCEPCION POMBO (R: A15073349)

Fecha: 2026.07.28 14:28:35 +02'00'

María Concepción Pombo Romero